

CIRCULAR 32-2026.

XXI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA MÁSTER EN PISTA CURTA

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 7 e 8 de febreiro na pista de Expourense (Ourense), o Campionato Xunta de Galicia Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Probas de Remudas:
 - Poderán participar atletas con licenza en vigor polos clubs participantes, malia non dispor de licenza FGA.
 - Poderá participar, por entidade e categoría, 1 equipo feminino, 1 equipo masculino e 1 equipo mixto.
 - Máximo unha proba de remudas por atleta.
- Límite de probas individuais a realizar por atleta:
 - Cada atleta poderá participar nun máximo de 3 probas.
 - As probas combinadas contabilizan como unha proba, sen influír no reconto de concursos.
 - Máximo 2 concursos por atleta.
 - No caso de participar en varias carreiras, só unha poderá superar os 1.000 metros.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 26 de xaneiro.

- **Limitarase a inscrición a un máximo de 3 probas individuais.**
 - A FGA eliminará tantas inscricións como sexa preciso daqueles que se inscriban en máis probas das regulamentadas.
- Terán preferencia, na admisión, atletas que acrediten marca na inscrición, sendo válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.
- Nas remudas deberase indicar, no campo observacións de cada atleta, a categoría na que participa o seu equipo (M35, F40, ...).

Art.4).- Prazo ordinario de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 30 de xaneiro e serán remitidas a eventos@atletismo.gal

- A falta de comunicación de baixas dentro deste prazo implicará a perda do dereito de elección das probas para aquelas persoas que non cumpran co establecido no artigo 2, sendo estas axustadas á normativa pola Dirección Técnica, procedéndose á eliminación da tantas inscricións como sexa preciso.

Art.5).- A presentación de artefactos persoais, para a súa homologación, pechará 1h antes do comezo da proba.

Art.6).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.7).- Liñas de batida nos saltos horizontais

- Triplo: ata un máximo de 3.
 - o No caso de ser mixto, estudarase a situación por si se precisase por unha máis.
- Lonxitude: ata un máximo de 2.

Art.8).- Cadencias nos saltos verticais.

- As cadencias anunciaranse unha vez publicada a listaxe definitiva de participantes.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.10).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos e remudas	7'
Pértega*	35'
Concursos restantes	20'

*No caso de haber máis de 8 atletas inscritos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Nas probas combinadas accederase a cámara de chamadas na primeira proba.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos recollidos no Art.14, non tome parte da mesma.

Art.12).- Horario provisional.

- Nas probas nas que non hai mención expresa, competirase de menor a maior idade, salvo naqueles casos que requiran excepción cara á confección dun menor número de series.
- Nas carreiras de anel celebradas completa ou parcialmente por estaxes, nas que se xunten máis dunha categoría, irán polas estaxes exteriores as persoas de menor idade.

SÁBADO				
HORA	CARREIRAS	S. HORIZONTAIS	SALTOS VERTICAIS	PESO
10:00	3000 marcha H	Lonxitude Homes (<)		
10:30	3000 marcha M			
11:00	3000 Homes			
11:05		Lonxitude Homes (>)		
11:35	3000 Mulleres			
11:40			Pértega H-M	
11:55	60 Homes			
12:10		Lonxitude Mulleres (<)		
12:30	60 Mulleres			
12:55	1500 Homes			
13:10		Lonxitude Mulleres (>)		
13:20	1500 Mulleres			
13:30	60 valos Homes			
13:40	60 valos Mulleres			
16:30	200 Homes	Triplo H-M		Peso Mulleres
17:15	200 Mulleres			
17:30			Altura Mulleres e Homes (>)	
17:45	800 Homes			
18:00				Peso Homes (>)
18:10	800 Mulleres			
18:25	400 Homes			
18:55	400 Mulleres			
19:00			Altura Homes (<)	
19:15	4x200 Homes			
19:30				Peso Homes (<)
19:45	4x200 Mulleres			
20:15	4x200 Mixto			

(<) = menor idade

(>) = maior idade

DOMINGO		
Xornada de mañá		
10:00	Pentatlón Fem	Pentatlón Masc

Art.13).- Entrega de premios:

- Haberá medalla para os tres primeiros clasificados por categoría e sexo, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega das mesmas.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

SÁBADO		
11:30	12:45	13:45
18:00	19:15	20:15
DOMINGO		
Ao termo das respectivas combinadas		

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a eventos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Nas competicións nas que se regule un número máximo de inscricións, establecerase unha penalización de 10 € por proba excedida.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 19 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo